A RAPARIGA PERDIDA

Tras as montañas nevadas, atopábase unha aldea de pouca cultura. A xente bailaba e cantaba vilancicos. As obras de teatro expoñíanse ao aire libre, cousa que á xente sempre lle chamaba a atención, incluso ós nenos. As casiñas eran de pedra, unhas mellores que outras. Nese mesmo lugar, arredor do ano 1.967, celebrouse a festa do *Halloween*. Un acontecemento que deixaría marcados ós seus habitantes.

Unha noite escura e de frío, un grupiño de nenos ía pedir polas portas de todos os veciños. Se había sorte, recibían algunha recompensa a cambio dalgún tipo de truco. O máis baixiño chamábase Pablo, o neno máis alto e guapo chamábase Alyson, despois había dúas nenas, unha Lara e outra Lucía. Lara era unha nena tímida e moreniña, e Lucía era alta, branca e de ollos verdes. A máis atrevida dos catro era Lucía, xa que nesa noite, de camiño á casa dun compañeiro, atopáronse cunha casa abandonada, un pouco alonxada do seu pobo. Pablo, Lara e Alyson non querían entrar, mais Lucía, sen dubidalo un segundo, atreveuse a entrar sen ter en conta os rumores sobre os perigos que corría se entraba. A casa tiña unha soa entrada, estaba rodeada dun muro de pedra que suxeitaba un enorme portal de ferro, tiña as ventás rotas, aínda que a porta da casa se conservaba bastante ben.

Cando Lucía se atreveu a poñer un pé nese territorio, deuse conta de que alguén que estaba dentro da casa lle lanzou unha pedra. A historia que contaba a xente do pobo era que, se pisabas o terreo da casa, un espíritu que habitara alí no pasado, lanzaría unha pedra maldita como signo de que se entrabas na casa, a morte entraba en ti. Lucía non fixo caso e entrou. A porta renxía, as ventás batían co vento. Escoitábanse voces, unha delas asustou á nena. Lucía subiu unhas escaleiras que daban ós dormitorios. Cando entrou nun, viu que alguén se escondeu detrás das cortinas de tea. De pronto unha voz díxolle: " Fóra de aquí, esta casa está maldita, acabarás morta como todas as persoas que aquí entraron". Lucía asustouse e botou un berro. Alyson e os demáis déronse conta de que Lucía xa levaba tempo dentro desa casa abandonada, entón el mesmo se decidiu por ir en busca dela.

Por moito que buscou, non a encontraba. Subiu as escaleiras e esa mesma voz díxolle: "Se estás en busca da túa amiga, que saibas que ela está en perigo, e se ti non queres acabar coma ela, é mellor que marches". Alyson ingnorou ese espíritu maligno e baixou a un sótano que estaba escondido na superficie da casa. Cando subiu, escoitou berros e voces. Un dos berros era de Lucía. Cando a atopou, ela xa estaba morta. Había unha nota que poñía: "Garda este segredo e di que desaparecín para sempre, a miña sorte estaba botada". Alyson saíu da casa e efectivamente, díxolles aos seus amigos que Lucía tiña desaparecido e que ninguén podería encontrala.

De volta á casa, todos estaban moi tristes. Uns anos despois, atoparon o corpo da nena nun bosque, e dende aquela ninguén soubo o porqué de nada.

Iria Corzón Blanco 3º C